



Proxectos de mobilidade de estudantes e persoal de Educación Superior (KA131)

INFORMACIÓN XERAL PARA O PROFESORADO

O programa Erasmus+ contempla diversas opción para o profesorado: a posibilidade de facer estadias de prácticas, períodos de observación (*jobshadowing*) ou períodos de docencia en empresas ou noutros centros educativos.

1. PROCESO DE SELECCIÓN

No caso de haber máis solicitudes que prazas, o centro, a través dunha comisión, terá que decidir que actividades son máis interesantes e darlles unha puntuación segundo os seguintes criterios:

I. Antigüidade no centro (máximo 2 puntos).

- Con data de destino definitivo superior a dous cursos: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo inferior a dous cursos: 1 punto.
- Con destino provisional: 0 puntos.

II. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- b) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- c) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido pola comisión avaliadora.

A estes efectos, tomaranse os niveis do CEFR e farase a seguinte ponderación:

- A1: 1 punto
- A2: 2 puntos
- B1: 3 puntos
- B2: 4 puntos
- C1: 5 puntos

III. Proxecto de mobilidade (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo do centro sobre a idoneidade do proxecto para aplicar no centro a formación recibida durante a mobilidade.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 1,5 puntos para poder ser seleccionado. Terase tamén en conta a data de solicitude da mobilidade.

O proxecto deberá ter, coma mínimo, os seguintes apartados:

- ✓ -Obxectivos
- ✓ -Actividades detalladas
- ✓ -Resultados esperados e impacto para a formación do profesor e para o centro
- ✓ -Valor engadido. Como vai axudar a actividade a modernización e a internacionalización do noso centro.

2. CARACTERÍSTICAS DA MOBILIDADE

É *imprescindible* que a persoa solicitante faga un currículum na plataforma Europass xa que é o documento co que se presenta á petición a entidade de acollida.

Corresponde ao profesorado a busca de dito centro, a organización de actividades, e a preparación da estancia. Se a/o solicitante o considera oportuno, pode solicitar a axuda da coordinación Erasmus na procura de centro ou empresa de acollida.

O presuposto da mobilidade pode ser previsto segundo as táboas da Guía do Programa Erasmus+ vixente dispoñible na páxina do Sepie. En todo caso, o orzamento definitivo virá condicionado pola cantidade que conceda ao centro a Axencia Nacional SEPIE, facendo o cálculo final a propia plataforma Beneficiary Module.

A organización do medio de transporte--ben sexa ecolóxico (en coche compartido ou bus) ou non (en avión)--correrá integramente a cargo do profesorado.

A coordinación Erasmus encargárase de que se asine o Mobility Agreement unha vez debidamente cumprimentado, contratar o seguro e facer o convenio Erasmus para asinar co centro.

Despois de facer a actividade, o profesorado terá que cubrir un informe para Erasmus+ nunha páxina oficial na que explicará como desenvolveu todo o acordado.

3. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA PARA PARTICIPAR NO PROXECTO *ERASMUS+ K103 -MOVILIDADE DAS PERSOAS POR MOTIVOS DE APRENDIZAXE-* .

CANDIDATO/A:

_____, profesor/a de _____
no Departamento de _____ do I.E.S. AS FONTIÑAS de Santiago de Compostela.

ACTIVIDADE (seleccionar)

Jobshadowing/prácticas/docencia en _____ (lugar) de 2 a 5 días do _____
ao _____ de _____ (mes).

En Santiago de Compostela a _____ de _____ de 202__.

Asdo: